

## **MOCIÓN Nº4 DO GRUPO MUNICIPAL DE VIA ALFOZ DE APOIO Á PLATAFORMA DE VECIÑOS AFECTADOS POLA MACRO CENTRAL HIDROELÉCTRICA DO XISTRAL.**

Ao abeiro do disposto no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo R.D. 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, e da Lei 5/1997 do 22 de Xullo da Administración Local de Galicia, o Grupo Municipal de VIA Alfoz presenta a seguinte **MOCIÓN** para a súa discusión no **PLENO**.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O 11 de febreiro de 2022 constituíuse en Alfoz a “Plataforma de veciños afectados pola macro central hidroeléctrica do Xistral”, coa finalidade de “informar aos cidadáns da magnitude deste anteproxecto e as súas consecuencias reais desde o punto de vista paisaxístico, medioambiental, económico, social, etnolóxico e cultural, así como axudar á persoas afectadas na defensa dos seus dereitos (asesoramento, trámites administrativos, etc.) e, así mesmo, a canalizar as alegacións que se queiran presentar” tal e como reza o punto 6 da súa acta de constitución.

Desde a súa constitución, incorporáronse a esta plataforma gran número de cidadáns e colectivos da comarca e particularmente do concello de Alfoz, preocupados polo anteproxecto “Anteproyecto de central hidroeléctrica reversible Xistral”, que a empresa “Atalaya Generación” a través da sociedade “Desarrollos del Malache S.L.U.” presentou no Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico do Goberno de España.

Desde o Grupo Municipal de VIA Alfoz, consideramos que a Corporación Municipal do Concello de Alfoz non debe ser allea ás reivindicacións da nosa veciñanza e debe velar pola defensa do noso territorio e dos dereitos e intereses dos nosos veciños e veciñas.

É por iso, que o Grupo Municipal de VIA Alfoz propón ao Pleno que se tome o seguinte

### **ACORDO:**

Apoiar á “Plataforma de veciños afectados pola macro central hidroeléctrica do Xistral” na súa finalidade de informar aos cidadáns e de axudar á persoas afectadas na defensa dos seus dereitos.

En Alfoz, a 20 de marzo de 2022

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Efigenia Maseda Paz', written in a cursive style.

Asdo. Efigenia Maseda Paz  
Voceira do Grupo Municipal de VIA Alfoz

Alcalde - Presidente do Concello de Alfoz